



Resolución da Axencia Galega de Infraestructuras pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto construción: "Itinerario peonil e ciclista na PO-411. Treito: Parderrubias. P.Q. 4+260-6+250", de clave: PO/16/105.06.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 109, do 9 de xuño de 2017, publicouse o Anuncio de 29 de maio de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto construción: "Itinerario peonil e ciclista na PO-411. Treito: Parderrubias. P.Q. 4+260-6+250", de clave: PO/16/105.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

Terceiro.- A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestructuras, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto, e tralos informes, certificados e alegacións presentadas,



RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto construción: "Itinerario peonil e ciclista na PO-411. Treito: Parderrubias. P.Q. 4+260-6+250", de clave: PO/16/105.06, coas seguintes consideracións:

- Mantendo o trazado proposto na información pública como definitivo.
- No proxecto construtivo corrixióronse os erros detectados nos datos relativos á titularidade e na relación de bens afectados e tivéronse en conta as recomendacións expostas polos diferentes organismos que emitiron informe.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Salceda de Caselas deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2019.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

